



## CONVENIO COLECTIVO DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE LUGO

### Proposta da patronal

A Plataforma de negociación composta nun inicio por **UGT, CSIF e CIG**, logo de analizar a última proposta da patronal no día de hoxe 03/05/24, decidiu co apoio de UGT e CSIF considerar esta proposta como suficiente para que sexa ratificada polo persoal traballador, renunciando a persistir na negociación.

**CIG – Saúde desmarcase deste posicionamento ao considerar esta proposta como insuficiente, polo que comunicamos que dende o día de hoxe que a CIG queda fora da citada Plataforma.**

A **CIG** seguirá loitando para acadar para as traballadoras e traballadores da sanidade privada da Provincia de Lugo un Convenio Colectivo digno.

A **CIG** considera que aínda queda camiño por recorrer na negociación do Convenio. Tendo como obxectivo acadar un acordo de xeito áxil, **imos presentar unha nova proposta** aos nosos ollos **asumible pola patronal**, que acade milloras substanciais para o conxunto das traballadoras e traballadores do sector.

- Unhas **taboas salarias dignas** xa desde o 2023.
- Que se inclua unha cláusula de **actualización segundo o IPC** ao vencemento do convenio.
- Que o **calculado de do Salario Mínimo sexa mensual** e non anual.
- Creación dun novo **plus de domingos** e que o de festivos teña unha cantidade maior que a proposta pola patronal.
- **Excluir os LDs do Computo de Xornada** para que non sexan recuperables, tendo unha xornada efectiva de 1732 horas (con 3 LDs)
- **Xornada ata as 15.00h**, para os centros con atención ordinaria ao público nos días 24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro.
- **Millorar a redacción** do desfrute dos permisos.
- **Revisar a redacción** do Convenio no referente á contratación.

**A CIG quere compartir as súas propostas coas traballadoras e traballadores, polo que nos próximos días convocará assembleas informativas nos centros, para avaliar co persoal afectado a situación actual da negociación.**

Lugo, a 3 de maio de 2024